



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO CIDADE DO MAR E A REGULARIZACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICO PATRIMONIAL DERIVADA DO CONVENIO DO 10 DE FEBREIRO DE 2009

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e mailo Consorcio da Zona Franca de Vigo (CFV) formalizan o instrumento convencional para o desenvolvemento do Campus Científico Tecnolóxico Cidade do Mar e para a regularización da situación económico patrimonial derivada do convenio asinado o 10 de febreiro de 2009.

O convenio do 10 de febreiro de 2009 asinárase co CFV coa finalidade de desenvolver e implantar o Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar (CCTM) para o que era preciso dispoñer dos terreso e edificacións emprazados na Escola de Transmisións da Armada (ETEA) no barrio de Teis en Vigo que eran propiedade do CFV.

O convenio que se asina en 2017 modifícao parcialmente. En virtude deste último, o CZFV readquire os terreos, edificacións e instalacións comprendidas nas zonas PS-3A e PS-3B do PSOT ao CZFV valorados en 5.571.438 euros. A Xunta de Galicia, pola súa banda, aboaralle ao Consorcio da Zona Franca de Vigo (CFV) a cantidade pendente de 5.701.239,47 euros. O pagamento desta cantidade fraccionarase en oito anualidades que deberán ser aboadas, as sete primeiras, antes do 31 de decembro de cada ano, e a última antes do día equivalente ó da sinatura do presente Convenio da anualidade 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que existe interese público en axilizar o plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar (PSOT) e o desenvolvemento do Campus do Mar en Vigo. O Campus do Mar é un proxecto que se dedica á investigación, desenvolvemento tecnolóxico e á innovación. Este proxecto aglutina os axentes socioeconómicos e os grupos de



investigación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionados co ámbito marítimo e de gran importancia para a Comunidade Autónoma galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional toda vez que a consellería non vai percibir ningunha contraprestación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

M^a Socorro Martín Hierro